



## ERTE de forza maior

- Para os ERTE baseados no artigo 22 do RDL 22/2020 establécese a prorroga automática **ata 31 de xaneiro de 2021**.
- As **empresas das actividades especialmente afectadas** previstas no Anexo do RDL e as **integrantes da cadea de valor ou dependentes** das anteriores por facturación (menos do 50% que no 2019) **ou por actividade dependente** poderán **aplicarse unha exoneración** da cota empresarial da Seguridade Social entre os meses de **outubro de 2020 e xaneiro de 2021**:



**85%** ata 50 persoas traballadoras

**75%**, 50 ou máis persoas traballadoras

- As empresas que vexan **impedida a súa actividade** poderán beneficiarse para os **centros e persoas afectadas da exoneración** da achega empresarial:

**100%** ata 50 persoas traballadoras

**90%**, 50 ou máis persoas traballadoras

- Defínese un novo **ERTE por limitacións** para empresas que vexan **limitado o normal desenvolvemento** da actividade, coas seguintes **exoneracións** da achega empresarial:

Persoas traballadoras	Outubro 2020	Novembro 2020	Decembro 2020	Xaneiro 2021
Ata 50	<b>100%</b>	<b>90%</b>	<b>85%</b>	<b>80%</b>
50 ou máis	<b>90%</b>	<b>80%</b>	<b>75%</b>	<b>70%</b>

## ERTE ETOP (por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción)

- Restaurase a **aplicación do artigo 23** do Real Decreto-lei 8/2020.
- Pode **iniciarse a súa tramitación** mentres sigue vixente un ERTE por forza maior derivado do artigo 22 do Real Decreto-lei 8/2020.
- Estas empresas poderán aplicarse as exoneracións dos ERTE prorrogados.

## Outras modificacións a ter en conta

### Salvagarda do emprego

- As empresas que apliquen as exoneracións **quedan comprometidas a un novo período de seis meses** de mantemento do emprego.
- O inicio do novo período **comezará cando conclúise o correspondente ao anterior ERTE**, de ser o caso.

### Formación

- As persoas traballadoras afectadas por ERTE son **colectivo prioritario para acceder á formación** para o emprego.

### Apoio ao emprego autónomo

- Prorrógase ata o 31 de xaneiro a posibilidade de acceder á **prestación extraordinaria por cesamento da actividade** ou por redución da facturación.

### Prestacións por desemprego

- A percepción para persoas traballadoras afectadas polos ERTE será **o 70% da base reguladora** ata o 31 de xaneiro de 2021.
- Inclúe persoas con contrato **fixo discontinuo** non afectadas previamente por ERTE que esgotasen prestacións e subsidios.



[Acceso ao Real Decreto-lei 30/2020](#)



Máis información: [emprego.xunta.gal](http://emprego.xunta.gal)



XUNTA  
DE GALICIA